ISSN 1807-9474

Comunicação, Identidades, Migrações e Culturas na Lusofonia



ANUÁRIO INTERNACIONAL DE COMUNICAÇÃO LUSÓFONA 2005

LUSOCOM - Federação Lusófona de Ciências da Comunicação

O *Anuário Internacional de Comunicação Lusófona 2005* aborda com o tema central - Comunicação, Identidades, Mirgrações e Culturas na Lusofonia - as seguintes questões da comunicação lusófona:

Das Imagens dos Media aos Media: Fragmentos do Espaço Lusófono - por Isabel Ferin Cunha (Universidade de Coimbra, Portugal)

A Comunicação Angolana - por Joaquim Paula da Conceição (ANGOCOM - Associação Angolana de Estudos de Comunicação)

Cibermedios para ampliar o abano da pluralidade informativa - por José López (Universidade de Santiago de Compostela, Galicia)

Rádio Comunitária para o Desenvolvimento na África - por Patrick Alumuku (Centro para o Estudo da Cultura e da Comunicação Africana, Nigéria) e Robert White (Universidade Gregoriana de Roma, Itália)

A Sociedade da Comunicação no Século XXI e a vocação social da nossa disciplina - por Aníbal Alves (Universidade do Minho, Portugal)

Folkcomunicação, disciplina científica com sotaque brasileiro - por José Marques de Melo (Professor Emérito da Universidade de São Paulo, Brasil)

A moda na publicidade: apresentações com estilo e o estilo nas apresentações - por Eduardo J. M. Camilo (Universidade da Beira Interior, Portugal)

Dialéctica da identidade, dialéctica da alteridade - por Margarita Ledo Andión (Universidade de Santiago de Compostela, Galicia)

Singularización e indiferenciación: o paradoxo contemporáneo da esfera cultural - por Enrique Castelló Mayo e Antía López Gómez (Universidade de Santiago de Compostela, Galicia)

Goanidade: A Identidade Cultural Goesa - por Eduardo Judas Barros (Universidade Estadual de Londrina, Brasil)

A identidade galega nas televisións estatais e na TVG - por Xosé Soengas e Ana Isabel Rodríguez (Universidade de Santiago de Compostela, Galicia)

Identidade lusófona como proposta pedagógica - por Benalva da Silva Vitório (Universidade Católica de Santos, Brasil)

A midiatização das migrações contemporâneas no contexto brasileiro e as matrizes culturais de construção da União Européia e do Mercosul - por Denise Cogo (Universidade do Vale do Rio dos Sinos, Brasil)

As relações comunicativas entre Portugal, Brasil e Itália - por Bárbara Bechelloni (Universidade "La Sapienza", Itália)

Qual o papel da Internet na promoção da (in)existência de laços entre os investigadores da comunidade lusófona? - por Lídia J. Oliveira Loureiro da Silva (Universidade de Aveiro, Portugal)

LUSOCOM - FEDERAÇÃO LUSÓFONA DE CIÊNCIAS DA COMUNICAÇÃO

Entidades associadas:

ANGOCOM - Associação Angolana de Estudos de Comunicação
AMESCOM - Associação Moçambicana de Estudos da Comunicação
ASGIC - Asociación Galega de Investigadores en Comunicación
INTERCOM - Sociedade Brasileira de Estudos Interdisciplinares da Comunicação
SOPCOM - Associação Portuguesa de Ciências da Comunicação

Dialéctica da identidade, dialéctica da alteridade

Resumo

Xa é común, no ameto da discusión científica e crítica, pensar a Identidade desde variábeis e mesmo invariábeis non esencialistas se non en circulación, móbeis, que nas conclusións do seminario interdisciplinar que dirixe Lévi-Strauss en París no AA. 1974-1975, se van presentar como 'traxecto constitutivo'. Dende entón podemos pensar a identidade coma un konstructor histórico que acolle corpo na diferenza porque tamén lle dá corpo á propia diferenza, é dicir ao Outro. Porén, nalgúns foros recúase de modo problemático á Identidade coma valor ultrapasado, representativo da época das fortificacións, da muralla que gardaba da vila e alimentaba a desconfianza ontolóxica de todo o que chegar de fóra: persoas, ideas ou materias. Como solución propónsenos reducir a relación Identidade/Alteridade a unha falsa transferencia que reinventa o suxeito nun quimérico <outro>. E se esta redución abraia, o que está por tras, o discurso manierista que pretende que ti non es ti se non o outro para, deste xeito, te liberar da escolla, pola contra, alarma. Canto a nós, escollemos as teorías da Identidade e da Cultura en plural e en <<Dialéctica da identidade, dialéctica da alteridade>> imos achegar a súa aplicación a un obxecto concreto, a Cidade que neste caso se chama Compostela e que será a que acolla no vindeiro ano as reflexións, o intercambio, as achegas da VII LUSOCOM.

Palabras-chave

Identidade, Cultura, Utopía, Compostela

Margarita Ledo Andión

Catedrática de Comunicación Audiovisual e Publicidade da USC, presidenta da ASGIC e editora asociada do Anuário, co-dirixíu coa Dra. Margarida Kunch o II Colóquio Brasil-EE de Ciencias da Comunicación. Entre as súas obras figuran Production télévisée et identité culturelle en Bretagne, Galice et Pays de Galles, Guyot, Ledo Andión, Michon, Presses Universitaires de Rennes, Rennes, 2000; Galicia-Finlandia: Modos de Pensar (Ledo Andión, Margarita e Varis, Tapio, Eds.), Santiago de Compostela, CCG, 2002; Del Cine-Ojo a Dogma95, Barcelona, Paidós, 2004.

Dialéctica da identidade, dialéctica da alteridade

Margarita Ledo Andión
(Universidade de Santiago de Compostela, Galicia)

Xa é común, no ameto da discusión científica e crítica, pensar a Identidade dende variábeis e mesmo invariábeis non esencialistas senón en circulación, móveis, que nas conclusións do seminario interdisciplinar que dirixe Lévi-Strauss en París no AA. 1974-1975 se van referir como 'traxecto constitutivo'. Pénsase, pois, a identidade coma un *konstructor* histórico que acolle corpo na diferenza porque tamén lle dá corpo á propia diferenza, é dicir ao Outro.

Porén, e pasada a febre do <pensamento débil> que andou dándolle a man á manopla de ferro neo-liberal neste seu grande período intensivo no que invadiu territorios e apostou por estratexias de aniquilación para continentes enteiros ao tempo que soergueu a desesperación e a substitución da razón pola relixión - neste caso non só para os 'asoballados da terra' se non para os habitantes do profundo do sistema, esa América evanxélica que se mobilizou a prol de Bush entrementres a América dos Campus facíao a prol de Kerry -[1], nalgúns foros recúase de modo problemático á Identidade coma valor ultrapasado, representativo da época das fortificacións, da muralla que gardaba da vila e alimentaba a desconfianza ontolóxica de todo o que chegar de fóra: persoas, ideas ou materias.

Como solución propónsenos reducir a relación Identidade/Alteridade a unha falsa transferencia que reinventa o suxeito nun quimérico <outro>. E se esta redución abraia, o que está por tras, o discurso manierista que pretende que ti non és ti se non o outro para, deste xeito, te liberar da escolla, pola contra, alarma. Alarma porque a humanidade - queirámolo ou non - segue a estar composta por clases, nacións, rexións, áreas de interese, xéneros, mercado negro e trata de brancas que non se recoñece no cadro dun discurso que no nivel táctico enarbora a consigna 'todos somos o outro'.

E teño para min que este 'outro' neo-universal non existe. Para min segue sendo verdade aquela frase de Ernesto Cardenal, dende o cárcere, dedicada ao ditador Somoza: *Tachito, no merecés ni un poema!*. Porque Tachito, Bush, a deuda externa fraguada polo FMI, os responsábeis da tortura, a guerra ou a negación de sociedades enteiras non merecen a consideración do 'outro'. Son, simplemente, un non-outro. Son a negación do pensamento. Negación que debe preocupar tamén á Academia como peza que se expresa dende o interior de sistemas xerais de pensamento e non á marxe deles.

Adentrámonos, así, na explicación das cousas, da identidade e da cultura en plural, para achegar a súa aplicación a un obxecto, a cidade, que neste caso se chama Compostela e que será quen acolla no vindeiro ano, en 2006, as reflexións, o intercambio, as aportacións

[1]Entrevista con o profesor Fernando Henrique Cardoso, expresidente do Brasil, <<De Cerca>>>, TVE-2, domingo 28.11.04

da VII LUSOCOM. O artigo <<Dialéctica da identidade, dialéctica da alteridade>> irá, pois, devalando para un ensaio de xeografía humana, ao modo do que fixera Buñuel en *Tierra sin Pan* dende unha Tese de doutoramento da Universidade de Burdeos, devalo que nos indica cómo se labrou a cidade, cando virou a súa iconografía universalista pola do 'Santiago matamouros' do antigo réxime e cómo mudou para o perfil civil, republicano e galeguista que a fixera inaugurar aquilo que a Unesco recoñece coma primeiro itinerario cultural da Europa.

Co gallo de contextualizar o meu propio devalo comezo por dicir que estiven a piques de preparar este artigo dende a Literatura - e de feito cheguei a consultar un precioso tratado do profesor da Universidade de Santiago, Dr. Antón Figueroa: *Literatura, nación , identidade* -, e máis en concreto dende unha das cen autoras tamén escollidas pola Unesco para representar a Literatura do planeta, dende alguén que inaugura a produción de contidos en lingua galega como diferenza e como resistencia, que une o máis suxetivo - a perda do amigo - cun suxeito colectivo como a emigración naquel poema inconmensurábel: <<Castellanos de Castilla>> (1872) e dende o xénero como condición :<<Tecín soia a miña tea>>. Dende dona Rosalía de Castro: segunda metade do século XIX, o século das grandes promesas e da utopía como paso pola experiencia.

Imos, agora si, avantar o significado que lle apomos ao termo Identidade, o porqué da inclusión da utopía, e cómo entendemos, cómo traemos cara o noso traballo un <<nós>> co que se abrangue a *étrangeté* e nela os novos modos de alteridade e de políticas civís. A identidade será, pois, a presenza, a visibilidade do <<nós>> na esfera pública que adoito vai á par da utopía, da procura de alternativas, da cidadanía en acto que podemos puntuar dende os dezaseis días no que Galiza foi independente por mor dun levantamento progresista (1846) que marcará a vida e a obra da xeración de Rosalía.

Identidade como pertenza, como inclusión nun suxeito colectivo, nun grupo, nunha sociedade, - eís o senso de seu que adquire o cualificativo de **galega** ao nos referir a ela ou, mesmo, ao falarmos dun ámbito calquera coma o literario, o cinematográfico, o político ou, digamos con certa sospeita, o da **nova economía** -; identidade a traveso da súa formulación na historia - con ou sen estratexias identitarias, con ou sen estratexias erradas, por exemplo na escola ou na administración, con ou sen república, con ou sen papeis - e o seu significado contemporáneo cunha forte presenza do <<**nós**>> - en Galiza, p.e. na mobilización xeral contra o que está por tras da catástrofe do petroleiro Prestige, ao abeiro do lema 'Nunca Máis' -, que se dá en intres de creba, dinos o quebequés Jean Guy Lacroix, e á par do esmorecemento do rol das institucións, mesmo na política, ou da desaparición da función de carto poder para os medios de comunicación, ou na política lingüística, singularmente en situacións diglósicas, aspectos todos que non poden ser analizados fóra da cuestión do Poder. Retomo, neste senso, algunhas das consideracións

que presentáramos no Intercom (Manaus, 2000), sob o título *Multiculturalismo e Globalización, unha relación paradoxal:*

> (...) ao analizar o devalo das relacións Estado-cidadán, un devalo que impón o neo-liberalismo, Jacques Rancière fala dun tipo de actores "qui sourent le conflict sur l'appartenance et définissent de nouveaux cas d'universalilté, des nouvelles formes de manifestation de la citoyenneté en acte". É a perspectiva na que estou interesada, igual que me interesa aprender do antagonismo entre o pensamento culturalista de dominante norteamericana, a visión da cultura como comunidade de pertenza que integra os individuos a sistemas de relación e de fins comúns - alleos ao mercado - e a de corimbo francés, tamén fundada na pertenza, na vontade colectiva encarnada no Estado, como dereito de participación. Interésanme porque ámbalas posicións reprodúcense, ao longo da historia, no nacionalismo galego, con predominancia para a republicana. A visión crítica das mesmas quizabes veña encontrarse con debates como o que recolle o monográfico *Être ou ne pas être québécois*, editado polo Departamento de Socioloxía da Universidade de Québec en Montréal, un debate que sitúa as transformacións da forma de Estado, do Estado en tanto modalidade de regulación política da sociedade, e os dilemas arredor das súas relacións coa economía-mundo, co carácter cada vez máis instrumental e funcional dos sistemas sociais que despoxan a acción humana da súa capacidade de incidir no percurso histórico.

Identidade como realidade en proceso de transformación que inclúe, non podería ser doutro xeito, o modo de nos representar; Identidade como diferenza - pero sen límite de acceso á diferenza, sublíñase sempre - e polo mesmo como consciencia do outro; identidade/alteridade como relación e como manifestación non só no imaxinario, na ideoloxía, e no desexo, nas angueiras, se non e de xeito singular, na cultura material, é dicir nos produtos da industria da comunicación e da cultura e da súa circulación en diversos escenarios, incluído o mercado.

Sempre, ao chegarmos a este punto, lembramos outravolta a liña de pensamento que desenvolvemos a prol da identidade non coma algo máis ou menos estábel - iso que adoito se nos presenta como 'patrimonio' - se non coma unha peza nodal que organiza a cultura - a cultura como memoria colectiva que fai posíbel a comunicación na historia, a creación de senso - función expresiva -, as relacións co entorno - función económica e a capacidade argumentativa que permiten fixar as convencións, as regras sociais - función lexitimadora (Mattelart:1997) e tamén a cultura como produción cultural, como material que contén, no que se entrecruzan categorías políticas - por exemplo a garantía do dereito á expresión en lingua galega ou o dereito a posuír medios de comunicación públicos como parte da

democracia -[2], que contén valores de uso e valores de cambio, e no que uns - os de uso como estratexia identitaria, por exemplo, no noso caso, implican o outro, a posta en valor de cambio dos recursos, e por iso tamén hai tempo que temos falado da identidade <<como reclamo e como mercado>>.

Vou facer un paréntese para clarexar o devandito co obxectivos que trazamos nunha proposta de e-Content derivado de certas nocións sobre as políticas de desenvolvemento rexional para a área celta, políticas ligadas á comprensión de novas condicionantes impostas polo libre comercio/libre mercado, para xustificar algo tan evidente como a necesidade de rendabilizar a industria de contidos. A saber: 1. os fluxos do mercado de traballo non dependen só dun vector ocupacional/coñecemento sectorial si non da formación permanente e da adaptación institucional; 2. o coñecemento ten un rol parello ao que xogaron na era industrial os recursos naturais; 3. cada área coñece as súas propias competencias e recursos, mais ignora o resultado da integración con outras áreas ... e así. No 1999 a xuntanza de Ministros de Cultura da CE reclamaba que os contidos se derivasen do patrimonio cultural con vistas a - cito - <<a culturalización do mercado e a 'marketización' da cultura>> Pola nosa banda, amais de apropiarnos das tecnoloxías - a dixitalización de recursos permítenos acometer determinadas actividades multimedia - parámonos a pensar na existencia dun risco que devén da ampliación da economía dixital aos arquivos e da explotación dos mesmos por parte de creadores de contidos ubicados no centro (sempre en relación ás ubicacións concretas e tan diversas como a nosa e a de Dublín ou Helsinki, por exemplo, no *software*, esta, no *hard* aquela), a menos que se desenvolva toda a cadea dixital de valor ampliando a capacidade das compañías locais na explotación dos recursos dixitais coa fin de elaborar novos contidos. E nós achegámonos a este plan ideal dende recursos culturais.

Dende xa podemos entender que cando pronunciamos a palabra **cultura**, falamos da cultura galega en relación con outras culturas, da cultura galega como o lugar para o significado e para a comprensión dos mais diversos e hixiénicos sinais -mesmo dos dixitais -, da identidade como iso que podemos compartir, tamén na lonxanía e a través de aplicacións telemáticas, porque é o origo da cidadanía. O que nos trouxo o documento, o acordo, o diálogo, fronte do monumento, a forza, o dogma. A democracia fronte dos ghettos, os feudos e o enfeudamento. En suma, facemos nosa a frase do profesor Tapio Varis: *a identidade non existe se non está vencellada a un lugar concreto.*

En canto que autora eu manteño que outro mundo é posíbel - tamén na televisión, titulábamos a noso capítulo para o informe do CCG <<A Comunicación en Galicia 2002>> -, e digo que esta transición se manifesta na **visibilidade histórica do <<nós>> identitario**, neste suxeito colectivo que se expresa na acción; que esta transición se expresa na utopía como outra maneira de ollar para nós e para o mundo, dende o internacionalismo - que

[2] Véxase o Protocolo adicional ao Tratado de Amsterdan, 1997

tamén só se da en acto como a cidadanía -, dende a interculturalidade, dende o outro e a multiculturalidade e, na fin, que non debe arredarse da tan publicitada transición para a sociedade do coñecemento: imos deixar voar as ás das hipóteses e pensar na utopía polo medio de tres entradas:

1. Dende a arte:

Cada vez se fai máis necesario situar as cuestións en termos de relatividade, relacionando os diferentes aspectos con referentes espaciais e históricos, sociais e ideolóxicos, sexuais e de xénero, din nun seu texto o Director do Espai d'Art Contemporánea de Castelló, EACC e a Vicerreitora de Promoción universitaria da Jaume I ao presentar o debate *Noves geografies, noves subjectivitats* para, de seguido, afirmar: Nestes intres (e sen pecar dun sobexo de optimismo), podemos sinalar que grazas ao esforzo de moitos e de moi diferentes sectores comezamos a crer que outro mundo é posíbel, xa que se fixo oír a voz de sectores marxinados e negados cultural e socialmente; conseguiuse falar de temas e cuestións infravaloradas e desprezadas (...)[3]

É un tipo de entrada que pouco antes nós fixeramos no Centro Galego de Arte Contemporánea, no CGAC, para o debate de xénero, *Corpos de Produción*, coa proposta << O corpo como documento>> e na que remarcábamos que a **utopía** ten a marca do concreto e do terreal dende comezo do XIX no pensamento de Henri de Saint-Simon e cunha obra de grupo, aló polo 1825, na que aparece o termo 'avangarda' transferido da política á arte [Olinde Rodrigues: <<L'Artiste, le savant et l'industriel>>] e desenrolado polo mestre na súa obra *De l'Organisation sociale*. Reivindicamos, pois, o retorno ao idearium saint-simoniano para a arte, a ciencia e a súa aplicación social, para arte e espazo público, se usarmos os conceptos e os termos que naquel intre nos congregaban no CGAC. E engadín: (...) A **utopía** como paisaxe e corpos de produción como modo de andar por esa paisaxe: outra áncora ben recoñecíbel: **o proceso**, o valor da obra no momento no que se produza, non como monumento, nin sequera como acervo [procuren todos os ecos: Muntadas, Wodiczko, Esther Gerz], como momento de existencia: eís o senso do documento, e como relación con outros momentos de existencia: eís o apego o material dos **media** e os media, eles propios, como parte constitutiva do espazo público. E o modo de cualificar esta posíbel relación: a **intervención co corpo**: dende o minuto de silencio á acción [Gerrilla Girls]: a intervención como barullo, como desarranxo, como descontexto-como descontento, a intervención como desacougo e como modo de facer visíbel ese desacougo: unha manifestación: Non á guerra.

Corría marzo do 2003.

2. Dende unha consigna que nos achega un antigo programador do centro de intelixencia artificial do MIT: <<A propiedade de software é un roubo>>. Richard Stallman,

[3] Espai d'Art Contemporánea de Castelló, EACC, 11 e 12 de abril de 2003.

fundador do movemento de software libre - Linux - un bon día descubre que está prohibido compartir, que é un crime compartir a linguaxe informática e que a primeira consecuencia podería ser tolleitar a circulación de ideas. Por iso teimou en deseñar un sistema operativo libre e gratuíto: 1984, programa GNU. Co tempo chega a ser coñecido como o pesadelo de Bill Gates: Linux System: 20 millóns de usuarios.[4]

-¿Qué quere dicir software libre?

-As catro liberdades. A 0 é a de usar o programa. A 1 a de estudalo e adaptalo ás túas necesidades. A 2 é a de axudar aos máis a usalo agasallando copias do programa e a 3 é a de participar na creación da lingua universal do ciberespacio publicando unha versión mellorada e, por suposto, gratuíta do programa en beneficio de todos.

Engadiríamos, aínda, a revisión do profetismo técnico no senso que advirte Mattelart ao falarnos do primeiro telégrafo óptico, 1794, da noción de rede ao seu redor, de cómo os pensadores revolucionarios consideraron que abondaría con multiplicar as liñas e liberar a súa linguaxe codificada para lle permitir a todos so cidadáns comunicar entre eles e adherir ao Shiller de *Digital Capitalism*, onde se amosa o reforzo das grandes empresas na era do acceso e se nos alerta sobre a NE e sobre a crenza de que os cambios veñan causados polos avances das tecnoloxías.

3. E a cidade, *O bazar de Lurditas*. A cidade que algures se configurou como a Compostela que arestora vivimos e á que lle apomos unha das orixes na viaxe.

A viaxe, as viaxes de produtos e pregarias; a conexión cos mundos a traveso do intercambio científico de cadansúa época, pro tamén co comercio das sedas e as esencias que chegaban de Al-Andalus[5], foron construíndo Compostela como cidade non fortificada, como cidade franca, e foron imaxinando Compostela como cidade 'santa', como 'universitas' e como cidade política: Arcebispo Xelmirez.

E se ben cada ligame que se desenvolve no tempo ou cada nó visíbel que se transforma en trazo, en sinal, son causa, síntoma e resultado dun tecido de relacións, é difícil acertar a expresar a cidade no seu cotián. Por iso decidimos encetar un tipo de percurso ao modo do arquitecto Siza Vieira - podería eu dicer - que sente un aquel de abraio no ornato e en ornatos "que me fan lembrar as construcións maias na súa xeometría", no extraordinario, e ate chegarmos a este "sitio prodixioso que domina sobre unha zona agrícola e cunha organización viaria perfectamente adaptada ao seu entorno", una rede que ate ben mediado o século vinte mantiña fielatos en Concheiros, Conxo ou o Carme de Abaixo para que cos regos, os riachos e as fontiñas entrara os bens, as persoas e mais as noticias.

[4] La Vanguardia, Barcelona, xaneiro de 2003, entrevista a Richard Stallman co gallo da súa intervención nun seminario na Universitat Pompeu Fabra, UPF.

[5] Varela Sieiro, Xaime, <<Tejidos y vestimenta de procedencia árabe en la documentación altomedieval Gallega (900-1250)>>, Consejo de Investigaciones Científicas, Madrid, 2001.

As cidades históricas están carrexadas de aportacións externas aos valores locais ou se estiver inmunes á contaminación estarían na agonía.[6]

Unha cidade entre lusco e fusco para que poida ollarse cómo a terra vai e produce estrelas. Unha cidade cos seus momentos de gloria, precisamente na Idade Media; que pasa pola decadencia da diáspora, cando non da morte das súas elites, promulgada e programada polos Reis Católicos; que rexurde de pensamento e de acción no tempo das Luces, cando se expresa no que virá se converter no icona da cidade contemporánea: a fachada do Obradoiro, que nos lembra a función miradoiro, de vixía, en liña coas Torres do Oeste, para advertir aló das invasións normandas, e que conclúe a secuencia de prazas que a arrodean; unha cidade que será escenario dos confrontos máis radicais do XIX, entre progresismo e reacción: Batalla de Cacheiras, 1846.[7]

E así, desta maneira, a cidade se prepara para entrar no século XX e na compaña do século XX ser sé das principais manifestacións da Modernidade. Pero a sorte non a acompañou. E a influencia das escolas de historiadores hespañistas que ocultaron a presenza árabe nos Reinos do Norte, por exemplo, reforzaron esa imaxe do Santiago <<matamouros>> e Patrón de España que aínda hoxe fai a súa aparición anual na ofrenda do Estado español ao Apóstolo. Á par, o que era un burgo que articula o seu espazo natural por oficios e pola presenza da economía campesiña que arrodea e dinamiza cada día a vila; o que foi cita para xente en pasaxe que chega na procura de certos servizos, que vai ao consultorio de avogados e médicos ou que fica uns meses usufrutuando o sistema educativo; a cidade da estación-término para o "tren Varela", a primeira vía férrea da Galiza que dende Vilagarcía trae ás leiteiras, aínda que declarada como peza a protexer, como "Patrimonio Nacional", non ten resortes para enfrontar a economía especulativa que nos anos setenta arrasa o edificio-insignia da burguesía local, o edificio Castromil, e dá inicio a unha década de desregulación total.

No interior da nova cidade, as fondas estudantís e de feirantes deixan paso aos pisos de materiais pésimos que alugan por tempadas grupos de universitarios e que transforman o Ensanche, Concheiros ou Belvís en metros de neo-Metrópole con todo tipo de establecementos rápidos: ciber's, kioskos, caixeiros, "menús"... mentres, reanímanse as mercerías, os zapateiros ou as costureiras que pasan a especializarse na reciclaxe e nos arranxos - outrora denominados mendos - e son todo un símbolo da capacidade feminina de adaptación aos tempos. Pensen que o que é hoxe unha industria

[6] *Alvaro Siza, as pernas do ciclista*, por Margarita Ledo Andión, **Obradoiro**, revista de Arquitectura, nº 23, COAG, A Coruña, 2004

[7] A Asociación de Veciños San Simón de Ons de Cacheiras organizou o I Consurso de Contos e David Fernández Rey gañou o 2º premio ao escreber sobre o achádego dunha misiva do coronel Solis sobre a entrada en batalla cos homes do xeneral Gallo. Por entre <<as manchas de tinta e de terra>> vai lendo ate a fin, cando Solis constata que <<os perdedores fomos nós, e agora mesmo, sen saber o que nos agarda, 11 dos meus soldados e eu dirixímonos á Coruña para ser xulgados>>. Ó final desta historia o xeneral Solís morreu, remata o conto de David.

punteira da comunicación, Intelsis, nace como Televés e cunha man de obra feminina que pasa directamente da confección de camisas á de 'chips'.

Dentro da cidade histórica - e entendemos esta dicotomía dentro/fóra non como centro/periferia senón como espazo público ao que se vén dende un punto calquera, como *ágora* na que poden darse as conexións -, dentro da cidade o que foran tertulias e convocatorias espontáneas para conferencias, cinemas ou tabernas, resistiron ate os anos oitenta e o control da posta en escena pasa a lle pertencer a un novo perfil de cidadán-medio, sexa administrativo, empregado, ou profesor de Facultade, para quen non ten sentido a cidade en acto. Un cidadán-medio que traslada a súa morada aos asentamentos que en ben pouco tempo inzan de novas construcións as vilas veciñas e canda elas dan orixe a un fenómeno descoñecido que solucionamos co nome de 'conurbación'.

O cadro concluiría cun outro sinal, o dos funcionarios da Xunta de Galicia, do Goberno autonómico, que van e veñen todos os días dende a súa cidade - Lugo, Muros, Ribeira, Ourense, Coruña, Vigo ou Lalín - ao seu lugar de traballo e que colapsan - contra as tres da tarde - a Estación de Autobuses.

Pero existe outra cidade latente, a que tira o seu pouso das mensaxes, dos recados, do boca a boca, da conversa de rutina no cruzamento dunha rúa, desa licenza que amosa calquera compostelán para interromper o teu itinerario e convencerte de 'tomarlle algo'. É a cidade dos anxos, das persoas que aparecen e desaparecen cando remata a súa función -as vendedoras de hortalizas, de flores, de queixo-, a do pequeno transporte que se escabulle por entre rúelas entre as dez e as once de cada mañá, a dos paseantes contemplativos, a dos riachos, a da melancolía coa que se arrastra a conciencia da perda como cando Compostela deixou de ter noticia do vagabundo Franco del Carro, a personaxe que cada día deixaba mensaxes nos muros cun seu lema que a fins dos setenta semellaba unha homaxe ao *non sense*: <<Fenosa[8] y la Coyuntura>>, unha palabra, esta, ben da transición española do franquismo á Constitución de 1978.

Transformados en fluxos, en silbo, en calor, na luz do poñente ou na da Bereguela por entre neboeira, esta presenza latente manifféstanse en cidades de clima variábel, anxos que pasan á velocidade do pensamento, establecen conexións, teñen un grande tino para escoller os seus escenarios: as escadas, os chafarises de transporte, as estantes das Bibliotecas e cando se fan visíbeis, cando deixan que os recoñezamos polas ás, asume un rol ben definido e funcional: os anxos con óculos da igrexa de Tras Salomé, para advertir que Deus acepta que utilicemos gafas; os anxos fortes e de cabelo preto porque sustentan os altares; os querubíns románticos dos Paraninfos e a Hora do Angelus, cando se descansa para tomar as doce e para que o anxo do comercio, a cofia alada de Mercurio entre na cidade.

Subindo as *Orfas* o <<Bazar de Lurditas>> fai de fielato para un outro uso dun tramo da rúa que pasa a se chamar *Caldereiría* ate que unha esquina de frade, as *Cinco*

[8] Fuerzas Eléctricas del Noroeste, S.A., responsábel de converter Galiza nun monocultivo de enerxía eléctrica que levoou por diante vales enteiros de cultivos, vilas, xentes e convivios.

Calles, lle dea pé para mudar outravolta o nome polo de *Preguntoiro* e encamiñarse cara o mercado de abastos e para a xudaría. É un dos eixes da cidade Moderna, da cidade como *locus* no que teñen lugar determinadas relacións sociais e económicas, da cidade como operadora dun suxeito colectivo que se move polo espazo público, un leme que linda coa orixe física da cidade no Castro de Salovio e por onde a contestación estudantil fixo a súa mellor performance ocupando, no 1968, a Facultade de Xeografía e Historia.

E aínda que xa non exista a tenda de Lurditas - signo de sobexo e de acceso a un certo consumo superfluo das xentes -, e nela viñera se instalar un coqueto despacho de produtos efémeros galegos que asenta no turismo e en nós propios a comportármonos como turistas na fin da semana, cada *mónada* das que van entrenzando a cidade funciona con esta sorte de harmonía sistémica e centrípeta que se representa co seu corpo enteiro, o dun burgo dentro de Compostela capaz de servir de mediador e a resultas do que as diferentes cidades non se resenten como estrañas.

Porque se os puntos de chegada a Compostela adoito ficaban fora de murallas, é dicir, fóra do monumento e da literatura en torno ao monumento arquitectónico ou relixioso; se os coches de liña e as fondas e pousas se encrequenaban a rentes da Porta do Camiño ou na Senra; a entrada do viño polo Arco de Mazarelos e a súa viaxe ate Casas Reais ou a Raíña estaba indicando unha das rotas da Compostela máis civil, a que tamén entendía o sexo como degoiro e como transacción e por onde fixera a súa pasaxe unha xovenciña 'Bella Otero' que se alugou de puta, so a coidadosa vixilancia dun membro da Garda Civil, da <<Benemérita>>, na praza de San Agustín.[9]

Tal calquera outra cidade, Compostela é impensábel como agregación de persoas e adoito temos que analizala e paseala como resultado dun cruzamento - cun seu toque de 'xenio', de componendas inagardadas - entre a xeografía humana e física, o clima, a socioloxía e a política. Este modo mutante e externo de construír a identidade, un modo no que o proceso é o que articula os diferentes elementos e no que cada material pode ser observado como un e como múltiplo, danos unha restra de posibilidades para a ollada e para a práctica da ollada nese sutil intento de fotografar para ver - ou contemplar fotografías -, unha operación na que confían as persoas que respectamos a notación da cámara e que nos conduza do parecido á súa alteración, da *ressemblance* à *dissemblance*, que é a distancia na que pensa Rancière cando pensa nas imaxes da arte.

Durante moito tempo Compostela representouse no confronto entre o poder eclesial e a puxa das camadas que irán definindo unha clase burguesa letrada - non esquezamos que o xornal *El Catón Compostelano*, que comeza a súa andaina no 1800, fixó unha defensa teimosa da educación para as mulleres -, mais con cativo poder. Agás nas súas marxes. Nos grafistas, decoradores, axitadores, cronistas ou libreiros masóns, en certas profesións togadas e de modo sobranceiro no exercicio dunha das polas máis humanistas da ciencia, a Medicina, que resistiu apenas o paso socalco do franquismo e o asasinato do seu derradeiro rexedor, na República, o impresor Anxel Casal.

[9] Rancière, Jacques, *Le destin des images*, La fabrique éditions, Paris, 2003.

Aí ficou por sempre a *aura* daquela Compostela saint-simoniana que aunara a artesáns e máis intelectuais para proclamar, no 'Banquete de Conxo', 1856, o seu compromiso coa polis do século XIX coma o nó que entrelaza as grandes promesas, aqueles programa de benestar e de excepcionalidade, de protección do terriotorio e da pertenza a un territorio, e no que os dereitos do individuo non se ian poder dar a contra das necesidades do común. Un idearium que marca, dalgún xeito, Compostela como urbe patrimonial. Aí ficou, tamén, a medio desenvolver, a que é aínda, segundo os expertos[10], unha das mellores bibliotecas de tema americano da Península, a Biblioteca América, depósito de follas voandeiras e pasquíns que daban noticia das actividades do *skol* das colectividades galegas de América.

Porque teño para min que a Compostela do <<Bazar de Lurditas>> tamén foi o vestixio final do ideal de axuntar arte, ciencia e industria; ideas, coñecemento e aplicación do saber. Decote ao visitante chámalle a atención cómo elementos desparexos crean entre sí unha sorte de estado de necesidade, de bon acabado e converten o que vemos en 'compostelán'. Eís a identidade.

Adoita se dicer que os mestres construtores viñan a Compostela porque era unha cidade ben feito, ben composta, tal se nela se dera esa rara perfección na que coinciden o uso axeitado de cada material para os fins precisos e os re-envíos dunha época a outra sen vontade de aniquilación e cunha capacidade grande de diálogo. Os apuntes de viaxes falan do abraio que sentiu unha das escritoras máis rigorosas do século XX, a Margarita Yourcenar, ao ver a transferencia entre as persoas e a imaxe do Mestre Mateo nese ritual de unírense as cabezas nun croque como culto á razón. Para os cineastas, Compostela foi, obviamente, o lugar para as historietas da estudantina, o tema relixioso no documental formalista dun Val del Omar (*Acariño galaico),* ou a peza dirixida por Ana Mariscal con luzadas de neorrealismo. E foi, en termos contemporáneos, o laberinto que como unha luva enfunda as tramas de metaficción nas súas portas dianteiras e traseiras, nos soportais, claustros, túneis, balaustradas, muros medianís, esuinas, gásrgolas aladas, cavetos, xanelas de escalas diferentes, cruces célticas e grecas en fibela.

O espazo imaxinario, o tránsito por ese espazo tan codificado que toda a xente descifra cunha certa distancia como se a súa aura convertera o próximo en lonxano,o Apóstolo en Prisciliano, a crenza na lenda, a *inventio* na *demostratio*, segue a ser o que pula de certo sentido de pertenza para quen chegou do interior lugués, para o emigrante retornado que monta o seu negocio, para os viñateiros do Ribeiro hebraico, para as madamitas renacentistas e para as tribus máis diversas: okupas, gays, moinantes, músicos de rúa, xogadores clandestinos, vendedores magrebís, labregas co seu cesto na testa. Se cadra sexa xa Compostela o epígono da civilización agraria e da que partiu do recursos máis próximos, da economía das augas e do curtido da pel dos animais como herdanza dun medievo florecente que tivo relación con outras culturas e outros saberes, e en concreto,

[10] As apreciacións sobre da Biblioteca América da USC débollas ao historiador Núñez Seixas.

dende (*circa*) o século X, co colectivo máis refinado canto á posta en escena do vestir: cos árabes.

A planicie máis representativa da Galiza, a Terrachá, ábrese cun nome árabe: Rábade. No sur da Galiza, en Ourense, está o concello de A Mezquita. Santiago ten A Algalia, o lugar dos perfumes e as clases podentes, relixiosas e laicas, bebía en vasos de vidro e vestían os brocados e o *cotom* que adquiría no seu contacto estreito coas redes de distribución da Arabia e que pervive no nome <<Bazar>>.

Tempo atrás o protagonista de *O Camiño de Santiago*, o relato de Alejo Carpentier editado entre nós na tradución magnífica de Xosé Neira Vilas, ese tambor de tropa queixado das febres que lle lembran os seus innúmeros pecados carnais, decide ser romeiro ate Compostela. A medio camiño o soldado de leva vira o seu rumo atraído polo reclamo dos barcos que zarpan de Sevilla cara América e Santiago fica prendido nel como desexo. Moitos lugares, adiante as Indias, adoptan esta graza.

Repaso todo isto porque tal vez porque a Compostela do futuro saiba camiñar cara ese pasado intercultural e darlle paso a formulacións da alteridade que ben poderían arrincar do Aragon que abre o libro de Julia Kristeva *Étrangers à nous mêmes* en dicindo <<En étrange pays dans mon pays lui-même>>

Bibliografía

Godás, Xavier, *Postmodernismo. La imagen radical de la desactivación política*, Barcelona, El Roure, 1998.

Kristeva, Julia, *Étrangers à nous mêmes*, París, Gallimard, 1988.

Lévi-Straus, Claude, *La identidad*, Barcelona, Petrel, q981.

Mattelart, Armand, *La Comunicación-Mundo*, Madrid, Fundesco, 1997.

Serres, Michel, *La Légende des Anges*, Flammarion, París, 1993.